

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	Antón Alonso Ríos	Tomíño	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CD2AGA000400	Aproveitamento e conservación do medio natural	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0837	Maquinaria e instalacións forestais	2024/2025	7	184	220
MP0837_12	Taller e maquinaria forestal	2024/2025	7	103	123
MP0837_22	Instalacións forestais	2024/2025	7	81	97

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FERNANDO REIGOSA GADÍN, MARÍA DEL CARMEN DEL RÍO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo de "Maquinaria e Instalacións Forestais" con Código MP0837, está asociado a Cualificación profesional de nivel I, do Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais, "Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas", AGA345_2 (Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro), e dentro desta á Unidade de Competencia: UC1121_2: manexar tractores forestais e realizar o seu mantemento.

Teremos tamén en conta que esta programación concretará e adaptará o currículo á contorna socioeconómica do centro. Situámonos na Comarca do Baixo Miño, zona rica en viveiros de produción ornamental e explotacións froiteiras de vide e kiwi. Esta comarca atópase rodeada de monte, con importantes comunidades de montes e montes privados que producen na maioría madeira de Pinus pinaster e Eucaliptus globulos. Zona rica tamén pola súa vexetación de ribeira e patrimonio paisaxístico. Esta comarca ven sendo afectada por vagas de lumes de xeito periódico.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Mantemento de maquinaria lixeira: motoserra, rozadora e outras ferramentas de corte.	Realización de operacións básicas de mantemento nas motoserras e rozadoras que hai na escola.	26	15
2	O tractor e os equipamentos de tracción.	Manexo de tractores forestais e equipamentos, identifícanse os seus compoñentes.	16	15
3	Tipos de motores e sistemas do tractor.	Descríbese o funcionamento dos motores e sistemas principais do tractor e equipamentos.	12	5
4	Mantemento básico do tractor forestal e equipamento de tracción.	Realización de operacións de mantemento 1º nivel no tractor e equipamentos de tracción que hai na escola.	19	10
5	TALLER FORESTAL: ferramentas e equipamentos.	Organización das ferramentas e equipamentos do taller forestal, identificando a súa funcionalidade	32	15
6	Identificación e prevención de riscos laborais e de protección ambiental.	Identificación de riscos laborais e ambientais e aplicación das medidas para os previr	18	10
7	Sistemas de protección e forzado para especies forestais: instalación e mantemento	Identificación dos diferentes sistemas de protección e forzado, instalación dalgún deles e mantemento dos existentes no Instituto.	35	10
8	Sistemas de rega: instalación e mantemento	Instalación de novos sistemas de rega e mantemento dos existentes na finca de prácticas.	27	10
9	Traballos de instalación e mantemento de infraestruturas de espazos cinxéticos e piscícolas	Realización de diferentes traballos para a instalación e/ou mantemento de infraestruturas de espazos cinxéticos e piscícolas	35	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Mantemento de maquinaria lixeira: motoserra, rozadora e outras ferramentas de corte.	26

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Mantén a motoserra, a rozadora e as ferramentas forestais, identificando as súas partes e interpretando os manuais.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Interpretáronse os manuais de mantemento da motoserra, a rozadora e as ferramentas forestais.
CA4.2 Estableceuse a secuencia das tarefas de mantemento da motoserra.
CA4.3 Identificáronse os elementos de seguridade da motoserra.
CA4.4 Montouse, desmontouse e afiouse a cadea da motoserra.
CA4.5 Realizouse a limpeza, o engraxamento e o afiado das ferramentas manuais de corte.
CA4.6 Realizouse a posta a punto da rozadora manual.
CA4.7 Utilizáronse equipamentos e ferramentas para o mantemento de máquinas forestais.
CA4.8 Formalizáronse os partes de mantemento.

4.1.e) Contidos

Contidos
Montaxe, desmontaxe e afiadura da cadea: técnica.
Limpeza, engraxamento e afiadura das ferramentas manuais de corte. Operacións de mantemento de primeiro nivel. Afiadura manual e mecánica.
Elementos de seguridade da motoserra: identificación e comprobación.
Mantemento da motoserra: secuencia de tarefas. Manual de mantemento. Mantementos periódicos.
Selección de ferramentas e equipamentos de mantemento de máquinas forestais: criterios.
Posta a punto da rozadora manual. Substitución dos elementos de corte.
Partes de mantemento e revisión: formalización.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O tractor e os equipamentos de tracción.	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións con tractores forestais e outros equipamentos de tracción, baixo a supervisión de persoal superior, e describe os mecanismos de funcionamento.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as partes e os compoñentes dun tractor forestal e dos equipamentos de tracción.
CA2.3 Descríbense os tipos de tractores forestais e de equipamentos de tracción.
CA2.5 Seleccionouse o tractor forestal e os equipamentos de tracción atendendo ao tipo de traballo e á orografía.

Criterios de avaliación
CA2.6 Encaixáronse os apeiros e a maquinaria no tractor.
CA2.7 Accionouse a toma de forza e o sistema hidráulico.
CA2.8 Manexouse o tractor forestal en distintas pendentes.
CA2.9 Realizáronse actividades de manexo de tractores forestais con equipamentos e sen eles.
CA2.10 Realizáronse operacións de arrastre.

4.2.e) Contidos

Contidos
Selección do tipo de tractor forestal e dos equipamentos de tracción: criterios. Potencia.
Toma de forza. Enganche e accionamento de equipamentos. Apeiros e remolques.
Actividades de manexo. Manexo en distintas pendentes, con apeiros e sen eles, e con equipamentos para movementos de terra: manobras, retirada de tocos e arrastre.
Tractor forestal e equipamentos de tracción: funcións, tipos, partes e compoñentes; prestacións e aplicacións. Tractor todoterreo de alta estabilidade (TTAE).

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Tipos de motores e sistemas do tractor.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións con tractores forestais e outros equipamentos de tracción, baixo a supervisión de persoal superior, e describe os mecanismos de funcionamento.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Caracterizáronse os sistemas do tractor forestal e dos equipamentos de tracción.
CA2.4 Calculouse o custo horario de uso do tractor e dos equipamentos de tracción.

4.3.e) Contidos

Contidos
Motor: tipos. Sistemas do tractor: distribución e admisión, refrixeración, engraxamento, alimentación, de transmisión, hidráulico e eléctrico. Controis electrónicos. Sistemas de seguridade. Sistemas de lastrado.
Custo horario do tractor e dos equipamentos de tracción. Cálculos e rendementos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Mantenemento básico do tractor forestal e equipamentoe de tracción.	19

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento de primeiro nivel do tractor forestal e dos equipamentos de tracción, interpretando os protocolos e as fichas de mantemento.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o manual de mantemento do tractor forestal e dos equipamentos de tracción.
CA3.2 Descríbíronse as operacións de mantemento básico.

Criterios de avaliación
CA3.3 Seleccionáronse as ferramentas, os equipamentos e os repostos necesarios.
CA3.4 Montáronse e desmontáronse elementos nos sistemas do tractor e dos equipamentos de tracción.
CA3.5 Detectáronse avarías sinxelas.
CA3.6 Substituíronse e arranxáronse elementos de diversos sistemas.
CA3.7 Reenchéronse os niveis de fluídos.
CA3.8 Comprobouse o funcionamento dos sistemas tras o mantemento ou a reparación.
CA3.9 Identificáronse as avarías cuxa reparación cumpra realizar nun taller especializado.
CA3.10 Formalizouse o parte de mantemento e reparación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Comprobación do funcionamento. Diagnóstico.
Detección de avarías complicadas.
Montaxe e desmontaxe de elementos nos sistemas do tractor e nos equipamentos de tracción. Interpretación do despezamento.
Partes de mantemento e reparación: formalización.
Operacións de mantemento básico: técnicas.
Ferramentas, equipamentos e repostos: criterios de selección.
Manual de mantemento: interpretación. Mantementos periódicos.
Substitución e reparación de elementos de diversos sistemas.
Avarías sinxelas do motor e dos órganos auxiliares, do equipamento eléctrico, a transmisión, o chasis, o sistema de enganche, etc.
Niveis de fluídos: comprobación e reposición. Tipos de lubricantes e combustibles. Pneumáticos: tipos, dimensións e presións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	TALLER FORESTAL: ferramentas e equipamentos.	32

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as ferramentas e os equipamentos do taller forestal, identificando a súa funcionalidade.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizouse o taller forestal.
CA1.2 Identifícaronse as ferramentas e os equipamentos principais do taller forestal.
CA1.3 Describiuse a utilidade de cada ferramenta e equipamento.
CA1.4 Colocáronse as ferramentas e os equipamentos no taller forestal.
CA1.5 Realizouse o mantemento de ferramentas e equipamentos do taller forestal.
CA1.6 Inventariáronse as ferramentas e os equipamentos, e verificáronse as necesidades de reposición.
CA1.7 Realizouse un rexistro de incidencias.
CA1.8 Realizouse a limpeza e a eliminación dos residuos do taller forestal.

4.5.e) Contidos

Contidos
Colocación das ferramentas e dos equipamentos no taller forestal: criterios.

Contidos
<p>Limpeza do taller: eliminación de residuos.</p> <p>Taller forestal: zonificación.</p> <p>Mantemento de equipamentos e ferramentas: limpeza e conservación. Uso dos manuais técnicos.</p> <p>Inventario de ferramentas e equipamentos: rexistro. Criterios de reposición.</p> <p style="color: green;">Rexistros de incidencias (CA1.7)</p> <p>Equipamentos e ferramentas do taller: tipos, descrición e uso.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Identificación e prevención de riscos laborais e de protección ambiental.	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas do taller forestal.
CA5.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución das operacións.
CA5.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación dos materiais, as ferramentas, as máquinas e os equipamentos empregados.
CA5.4 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA5.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

Criterios de avaliación

CA5.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.6.e) Contidos

Contidos

Normativa de prevención de riscos laborais.

0Factores físicos do contorno de traballo.

Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.

Equipamentos de protección individual.

Sinalización e seguridade no taller forestal. Fichas de seguridade.

Prevención e protección colectiva.

Medios de prevención de riscos laborais: determinación.

Métodos e normas de orde e limpeza.

Riscos inherentes ao taller forestal: identificación.

Factores químicos do contorno de traballo.

Almacenamento e retirada de residuos.

Cumprimento da normativa de protección ambiental.

Protección ambiental: recollida e selección de residuos.

Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Sistemas de protección e forzado para especies forestais: instalación e mantemento	35

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala e mantén sistemas de protección e forzado para especies forestais, interpretando os manuais e as instrucións de montaxe e conservación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretáronse os manuais de montaxe e conservación de sistemas de protección e forzado.
CA1.2 Caracterizáronse os sistemas de protección e forzado para especies forestais.
CA1.3 Identificáronse os elementos dos sistemas de protección e forzado.
CA1.4 Descríbóronse as propiedades de cada tipo de cubrición.
CA1.5 Seleccionáronse e utilizáronse os materiais e as ferramentas para a montaxe dun sistema de protección ou forzado.
CA1.6 Instaláronse os elementos de control ambiental.
CA1.8 Conserváronse os elementos dos sistemas de protección e forzado.
CA1.8.1 Conserváronse elementos do sistema de protección e forzado
CA1.9 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA1.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Sistemas de protección e forzado para especies forestais: tipos e características.</p> <p>Conservación dos elementos dos sistemas de protección e forzado.</p> <p style="color: red;">Conservación dos elementos de sistemas de protección e forzado</p> <p>Protección ambiental: recollida e selección de residuos.</p> <p>Montaxe dun sistema de protección ou forzado: técnicas, ferramentas e materiais. Criterios de selección.</p> <p>Almacenamento e retirada de residuos.</p> <p>Manuais de montaxe e conservación de sistemas de protección e forzado: interpretación.</p> <p>Cubricións: tipos, propiedades e usos.</p> <p>Instalación dos elementos de control ambiental: de temperatura, de humidade, de ventilación e de luz. Automatismos.</p> <p>Cumprimento da normativa de protección ambiental.</p> <p>Elementos dos sistemas de protección e forzado: base, estrutura e automatismos.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Sistemas de rega: instalación e mantemento	27

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala e mantén sistemas de protección e forzado para especies forestais, interpretando os manuais e as instrucións de montaxe e conservación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Instalouse o sistema de rega.
CA1.8 Conserváronse os elementos dos sistemas de protección e forzado.
CA1.8.2 Conserváronse os elementos do sistema de rega
CA1.9 Clasifícaronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA1.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>0Instalación e mantemento do sistema de rega: compoñentes e características. Programador.</p> <p>Conservación dos elementos dos sistemas de protección e forzado.</p> <p>Conservación dos elementos de sistemas de protección e forzado</p> <p>Conservación dos elementos do sistema de rega.</p> <p>Protección ambiental: recollida e selección de residuos.</p> <p>Almacenamento e retirada de residuos.</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Traballos de instalación e mantemento de infraestructuras de espazos cinxéticos e piscícolas	35

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza traballos de instalación e mantemento de infraestruturas dos espazos cinexéticos e piscícolas, tendo en conta a relación dos materiais, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas coas técnicas asociadas.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Interpretáronse os manuais de instalación e mantemento de infraestruturas dos espazos cinexéticos e piscícolas.
CA2.2 Identificouse e montouse a sinalización legal e informativa dun terreo cinexético e piscícola, baixo a supervisión de persoal superior.
CA2.3 Seleccionáronse os medios, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas.
CA2.4 Colocáronse os cercados e os accesos cinexéticos.
CA2.5 Caracterizáronse e montáronse os capturadoiros e outras instalacións de manexo.
CA2.6 Construíronse as escalas, os pasos e os sistemas de contaxe para peixes.
CA2.7 Caracterizáronse as infraestruturas de vixilancia ou observación e as vinculadas á adecuación do medio para a pesca, o paseo ou a seguridade das persoas usuarias.
CA2.8 Interpretáronse os programas de revisión da funcionalidade e mantemento de infraestruturas.
CA2.9 Aplicouse a normativa de benestar animal e a específica das actividades que se vaian realizar.

4.9.e) Contidos

Contidos
Puntos de acceso (pasos canadenses, portas, etc.): características construtivas, situación, instalación, revisión e conservación. Vaos sanitarios.
0Infraestruturas para vixilancia ou observación (torres, postos de tiro ou observación, etc.): características construtivas, situación, instalación, revisión e conservación. Equipamentos para detección de furtivismo. Impactos xerados.
Programas de revisión e mantemento: interpretación.

Contidos

Capturadros, mangas e outras instalacións de manexo: tipos; características construtivas; adecuación ao medio e ás características das especies; situación; instalación, revisión e conservación; impactos xerados.

Infraestruturas vinculadas á adecuación do medio para a pesca, o paseo ou a seguridade das persoas usuarias.

Escalas, pasos e sistemas de contaxe para peixes: tipos e características.

Cercados cinxéticos: valados de delimitación do espazo cinxético; de exclusión de cultivos e outra vexetación ou zonas de interese ecolóxico, sanitario, etc. Adecuación ao medio e ás características das especies. Características construtivas. Instalación.

Normativa de benestar animal e específica das actividades que se vaian realizar.

Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de instalación e mantemento de sinais e infraestruturas propias dos espazos cinxéticos e piscícolas: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.

Manuais de instalación e mantemento de infraestruturas de espazos cinxéticos e piscícolas: interpretación.

Sinalización legal e informativa dun terreo cinxético e piscícola: situación, número, dimensións, deseño e información contida; instalación, vixilancia e conservación; impacto sobre o medio natural.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar unha avaliación positiva ao final de curso o alumnado deberá ter os coñecementos teórico prácticos suficientes para demostrar que se acadaron os resultados de aprendizaxe relacionados no Currículo do Ciclo Medio de Aproveitamento e conservación do medio natural para o Módulo de Maquinaria e Instalacións Forestais.

A cualificación final da avaliación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

- Realización e/ou exposición de traballos, fichas e cuestionarios, así como tódalas actividades prácticas (cumprindo coas normas de seguridade e saúde, preocupación polo mantemento da maquinaria, ferramentas e instalacións, colaboración nas actividades grupais, responsabilidade no posto de traballo, autosuficiencia e iniciativa, igualdade tolerancia e inclusión) :60%
- Resultado das probas escritas: 40%

Para que a cualificación da proba escrita poida entrar na media ten que ser como mínimo dun 4.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Vanse anotando os/as alumnos/as que non acadaran satisfactoriamente algún criterio de avaliación e as actividades correspondentes a reforzar. Considérase avaliación continua, polo tanto dase a posibilidade de ir recuperando obxectivos ao longo do curso con actividades similares, correxindo erros anteriores.

-No caso de resultados negativos nas probas escritas deberán repetilas (obrigatorio no caso de cualificación inferior ao 4 sobre 10 e opcional no resto dos casos, cada proba escrita levará consigo a súa recuperación).

- Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes (Orde 12 de xullo de 2011). O profesor vai anotando ao longo do curso os criterios de avaliación e contidos que non superou cada alumno. As actividades de recuperación serán diferentes para cada alumno en función de os obxectivos a recuperar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Orde 12 xullo 2011:

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Neste Módulo, Para estes alumnos e alumnas realizarase unha proba extraordinaria co fin de recibir unha cualificación positiva no módulo. A proba constará de dúas partes unha será escrita e a outra práctica:

a) Proba escrita composta por preguntas que versarán sobre todos os resultados de aprendizaxe contidas na programación do curso. Para superar dita proba será preciso obter un mínimo de 5 puntos. A duración será ate un máximo de 2 horas. O peso na nota final será do 40%.

b) Proba práctica que consistirá na realización de supostos prácticos. Será necesario a realización de diferentes identificacións, así como o manexo de ferramentas, equipos e máquinas. Será preciso que o/a alumno / alumna esté equipado cos seus equipos de protección individual.. A duración será ate un máximo de 4 horas. O peso na nota final será do 60%.
Para aprobar o módulo a nota final ten que ser igual ou maior que cinco (a media ponderada entre a proba escrita e a práctica). E para facer media entre a proba práctica e a escrita é necesario que cada unha delas teña coma mínimo un catro sobre dez.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da programación realizarase a final de curso valorando os resultados dos alumnos, os tempos reais que levou acadar os criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe. Valorando as actividades que funcionaron mellor e aquelas que convén modificar ou eliminar.

Tamén se pasará un cuestionario anónimo aos alumnos para dala súa opinión así como pedirlle a súa opinión ao longo do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A principio de curso, iniciarase un debate no grupo, en base a preguntas do tipo:

- ¿tes rozadora na casa?
- ¿levaches algunha vez un tractor?
- ¿fas "chapuzas na túa casa?, ¿de que tipo?

...

E tirando do fío, ademáis de comezar a coñecer aos alumnos pódense estimar os coñecementos previos dos que dispón o alumno sobre os contidos do módulo. E valorar a diferenza de coñecemento da materia entre eles.

Aparte da avaliación inicial que se realizará con todo o profesorado na data que determine o Equipo Directivo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso do alumnado que non acadara unha cualificación positiva, ó finaliza-la avaliación final ordinaria do módulo, o profesor deberá realizar un Informe individualizado, que se incorporará ao expediente do/da alumno/a, no que se indicarán as capacidade non superadas e as actividades de recuperación que ten que realizar o/a alumno/a para poder superar o módulo, ben na proba de pendentas, ben no terceiro trimestre do 2º ano.

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Os temas de carácter transversal establecéronse tendo en conta o carácter específico da formación profesional, e o concepto de módulo como unidade de coñecemento que pode englobar diferentes áreas ou materias pero que permite dotar aos alumnos dunha certas capacidades e destrezas de acordo cunha cualificación profesional.

Os temas transversais que se teñen en conta son os seguintes:

A seguridade e saúde no traballo.

O respecto polo medio ambiente e a súa conservación.

Responsabilidade.

Cooperación.

Igualdade

Precisión na execución dos traballos.

Gusto polo traballo ben realizado.

Estas actitudes fomentaranse da seguinte maneira:

- A través dos parámetros e directrices marcados para a realización de cada actividade.
- Pola metodoloxía de traballo en grupo, asignando responsabilidades individuais e colectivas.
- Polos propios contidos de cada unidade, que farán referencia a un ou varios dos valores indicados.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Considérase necesario realizar viaxes formativas por algúns dos seguintes lugares, sempre que sexa posible dende o punto de vista económico e organizativo do Centro (*):

Viveiros de produción de plantas forestais, para observar as súas instalacións en xeral e a instalación de rega en particular.

TECOR con boas instalacións cinexéticas.

Visita a instalacións de solta de troitas, salmón, etc, así como de extracción (lamprea, por ex.)

Taller-xornada técnica de marcas comerciais (HONDA, STILH...) sobre mantemento e seguridade de maquinaria.

Visita á central de Husqvarna en Ordes (A Coruña).

Visita para observación de maquinaria traballando no monte, "in situ".

Visita CIMAG Feria de maquinaria, agricultura e gandería o Visita Semana Verde de Galicia (Silleda)

Conferencias.

Xornada sobre primeiros auxilios en casos de accidentes laborais no sector agrario.

10.Outros apartados

10.1) Ensinanza non presencial polo Covid-19

No caso dun confinamento xeral ou parcial, por mor do Covid-19 ou calquera outra causa, a impartición e seguimento do módulo será a través do Moodle.

As tarefas prácticas substituiranse por vídeos, artigos de xornal, outros, que serán acompañados de cuestionarios de aproveitamento. Desta maneira achegarase o alumno á práctica que non é posible realizar.

A calificación do cuestionario correspondente será á que substitúa a nota práctica.

As probas escritas transformaranse en traballos, traballos de búsqueda de información na súa maioría. Tódalas tarefas realizadas neste período polo alumno son evaluables e terán cualificación e peso na nota final da unidade didáctica e, polo tanto, do módulo.

O aquí descrito só será de aplicación durante o tempo que dure o confinamento ou cuarentena.